

MEMORIA ANO 2021

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE LUGO

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refª: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021

ÍNDICE	página
1. Introducción	3
2. Funcións, composición e funcionamento	4
3. Estatísticas	5
4. Resolucións xudiciais	13
5. Temáticas máis relevantes	15
6. Outras actividades	20
7. Medidas para a mellora do funcionamento do Tribunal	21
8. Suxestións para os órganos de xestión	22
9. Conclusións	23

1.- INTRODUCCIÓN

O artigo 137 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local na súa redacción dada polo artigo 1 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, prevé a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local, cuxa composición e funcionamento pretenden garantir a competencia técnica, a celeridade e a independencia requiridas polos cidadáns neste ámbito.

En sesión plenaria celebrada polo Concello o día 30 de xuño de 2008 aprobouse inicialmente o “Regulamento Orgánico do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo” (o Regulamento) sendo elevado a definitivo, dándose conta ao Pleno do 1 de setembro de 2008, e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 252 de 31 de outubro de 2008. En sesión plenaria do día 30 de outubro de 2019 aprobouse inicialmente a modificación do regulamento, quedando elevado a definitivo, dándose conta no pleno de 27 de febreiro de 2020 e publicado o texto integro no BOP nº 151 de 3 de xullo do 2020.

Resultan aplicables o Capítulo IV do Título I da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa aprobado por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio.

O Regulamento Orgánico Municipal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Lugo, a diferencia doutros regulamentos de Tribunais Económico-Administrativos Municipais e Rexionais, non establece a obriga de elaboración e dación de conta dunha memoria anual de actividade.

Non obstante, enténdese non só conveniente senón necesario dar conta aos órganos de goberno do Concello a través da Tenencia de Alcaldía de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, como titular da área de goberno competente en materia de Facenda Local do Concello de Lugo, á que está adscrita organicamente este Tribunal (artigo 3 do regulamento) a fin de que se teña coñecemento da actividade e resolucións adoptadas polo Tribunal durante o ano 2021.

O artigo 4 do Regulamento establece como unha competencia do Tribunal a elaboración de estudos e propostas na materia e, se ben son a requirimento do órgano municipal competente en materia tributaria, os membros deste Tribunal consideran que esta Memoria é un instrumento adecuado e moi útil para que a Tenente de Alcalde conte cun pleno coñecemento da litixiosidade na materia e as

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refª: ispac6388365671608909865.doc
Asunto: MEMORIA 2021

suxestións e propostas formuladas aos efectos dun mellor funcionamento dos servizos e unidades administrativas baixo a súa dependencia.

2.- FUNCIONS, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1.- Funcións

As funcións do Tribunal son as seguintes:

- a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.
- b) O ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.
- c) No caso de ser requirido polos órganos municipais, competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

2.2.- Composición

O nomeamento dos membros do Tribunal inicialmente creado foi acordado polo Pleno en sesión extraordinaria do día 23 de decembro de 2008, sendo renovado por primeira vez mediante acordo plenario na sesión ordinaria celebrada o 1 de outubro de 2019 na que se procedeu ao nomeamento para os cargos de Presidente, Vogal e Secretario co seguinte detalle:

Presidente: Emilio Justo Fernández Pita

Vogal: Pedro Fernández Agustí

Secretaria: Ana Tabarés Martínez

Membro suplente: María Jesús López Vázquez.

2.3.- Funcionamento

De acordo co previsto no artigo 8 do Regulamento, o Tribunal, funcionará en Pleno ou de forma unipersoal, sempre en base a criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade.

En data 27 de febreiro de 2020 foi adoptado o acordo plenario 13/29 de dación de conta da elevación automática a definitivo do acordo de aprobación inicial da modificación do regulamento orgánico (publicado no BOP de Lugo de 3 de xullo de 2020), de modo que o a partir deste momento Tribunal actuará de forma unipersoal, a través do Presidente, do Vogal ou do Secretario, cando a contía da reclamación **sexa inferior a 6.000 euros** e así mesmo que as reclamacións económico-administrativas se tramitarán polo **procedemento abreviado ante órganos**

unipersoais cando sexan de contía inferior a 6.000 euros ou a 72.000 euros, se se trata de reclamacións contra bases ou valoracións.

De conformidade co establecido no artigo 9 do Regulamento o Tribunal actual estableceu unhas normas de funcionamento para facilitar e ser máis eficaz no súa labor.

Así, na sesión do Pleno de data 17 de decembro de 2019 decidiu o réxime de sesións e a súa periodicidade, acordando reunirse o último mércores hábil de cada mes (caso de ser inhábil o primeiro día seguinte hábil) , agás o mes de agosto. Porén, na xuntanza do mes de novembro de 2021, o Tribunal, á vista de que en ocasións este mércores non coincide cos últimos días hábiles do mes de modo que non se pode realizar adecuadamente unha análise do traballo do mes completo ou case na súa totalidade, acordou establecer que as xuntanzas se realicen, nestes casos, nos tres últimos tres días hábiles do mes.

Inicialmente, no ano 202, acordouse que os expedientes se resolverían por estrito orden de chegada ao Tribunal, establecéndose, para un adecuado seguimento, unha numeración dos expedientes en función da súa orixe facéndoo coincidir co número da Ordenanza Fiscal agás as que tiñan orixe en Tesourería ou Inspección Tributaria aos que se lles asigna o número 000. No mes de abril de 2021 este Tribunal comezou a traballar coa aplicación TECOL polo que os expedientes cambian de numeración ao ter asignado os procedementos de reclamacións económico administrativas o número P005.

3.- ESTADÍSTICAS

3.1.- RECLAMACIÓNS/RECURSOS PENDENTES POR AÑOS E MATERIAS/ORIXE.

A xaneiro do ano 2021 quedaban pendentes de resolver **as seguintes reclamacións por anualidades e por orixe ou materia afectada:**

Do ano 2018: 2 reclamacións.

2 IIVTNU

Todas resoltas. Sentido estimatorio.

1 Tribunal Pleno / 1 Tribunal unipersoal

Do ano 2019: 9 reclamacións.

7 IIVTNU
1 taxa auga
1 Tesourería

Todas resoltas. 7 desestimatorias / 2 estimatorias

5 Tribunal Pleno / 4 Tribunal unipersoal

Do ano 2020: 25 reclamacións

10 IIVTNU
9 Tesourería
2 taxa aproveitamento dominio público
1 taxa servizos urbanísticos
1 IBI
1 ICIO
1 recurso contra a execución de resolución do TEA

Todas resoltas. 13 desestimatorias / 7 estimatorias / 1 estimación parcial / 4 inadmisións

3 Tribunal Pleno / 22 Tribunal unipersoal.

Conclusión: No ano 2021 resolvéronse todas as reclamacións de anos anteriores que estaban pendentes de resolver.

No ano 2021 presentáronse 79 reclamacións.


27 Tesourería (resoltas 14)
22 IIVTNU (resoltas 15)
5 taxa aproveitamento dominio público (pendentes de resolución)
2 taxa bombeiros (pendentes de resolución)
3 IBI (resoltas 2)
2 IAE (resoltas 2)
1 ICIO (resolta 1)
1 taxa vehículos (pendente de resolución)

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refª: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021


2 taxa auga (resolta 1)
14 recursos de anulación. (resoltas 14)



Resoltas: 49 20 desestimatorias / 19 estimatorias / 10 inadmisións

9 Tribunal Pleno / 40 Tribunal unipersoal.

Pendientes de resolver a 31 de decembro de 2021 : 30 reclamacións.



3.2.- RECLAMACIONES/RECURSOS RESOLTOS.


Resolvéronse no ano 2021 un total de 85 reclamacións/recursos co seguinte detalle por anualidades.

2018: As 2 reclamacións pendentes foron resoltas

2019: As 9 reclamacións pendentes foron resoltas

2020: As 25 reclamacións pendentes foron resoltas

2021: Das 79 reclamacións que se presentaron no ano 2021 foron resoltas 49, quedando pendentes de resolver a 31 de decembro de 2021 un total de 30.




Dos datos anteriores conclúese que este Tribunal ten resolto todas as reclamacións de anos anteriores e que as reclamacións pendentes de resolver a 31 de decembro de 2021 son as presentadas a partir de setembro de 2021 - agás unha que se resolveu expresamente o mes de xaneiro de 2022 e outra reclamación do que non se remitiu o expediente pola unidade xestora- polo que todas as reclamacións están en prazo legal para resolver; **non producíndose neste momento incumprimento da obriga de resolver en prazo** (seis meses para os procedementos abreviados e un ano para os procedementos ordinarios) nin silencio administrativo.

3.3.- RESUMO RECLAMACIÓNS PRESENTADAS PENDENTES/ RECLAMACIÓNS RESOLTAS POR MATERIAS/RECLAMACIÓNS PENDENTES DE RESOLUCIÓN A 31.12.2021

Materia/Orixe	Reclamacións resoltas de 2018/2019/2020/2021	Reclamacións resoltas en 2021	Reclamacións pendentes de resolver
IIVNTU (Plusvalía)	2+7+10+15	34	7
ICIO	0+0+1+1	2	0
IAE	0+0+0+2	2	0
IBI	0+0+1+2	3	1

Taxa urbanística	0+0+1+0	1	0
Taxa aproveitam dominio público vados	0+0+2+0	2	5
Taxa vehículos	0+0+0+0	0	1
Taxa servizo bombeiros	0+0+0+0	0	2
Taxa auga	0+1+0+1	2	1
Orixe: Tesoureria Premas/embargos/ derivacións/compensacións.	0+1+9+14	24	13
Recursos anulación / execución	0+0+1+14	15	0
Total	2+9+25+49	85	30

* Todas as resolucións foron adoptadas polo Tribunal actuando como órgano unipersonal **agás 18 resolucións que, pola contía da reclamación superior a 6.000 euros, foron adoptadas polo Tribunal actuando en Pleno** conforme o artigo 8 e 22 do Regulamento Orgánico.




3.4.- SENTIDO DAS RESOLUCIÓNS

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refº: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021

Estimación total	30
Estimación parcial	1
Desestimación	40
Inadmisión	14



3.5.- ÍNDICES ESTADÍSTICOS

Taxa de resolución

De conformidade coas terminoloxías adoptadas polo conxunto dos Tribunais Económico-Administrativo, baseadas nos indicadores definidos segundo a metodoloxía exposta por Eva Andrés Aucejo no seu traballo “*Análisis Estadístico de la litigiosidad de los Tribunales Económico-Administrativos Regionales y Central*”, Doc. Nº 25/04 - Instituto de Estudios Fiscales, a taxa de resolución, consiste na relación que existe, en termos porcentuais, entre as reclamacións resoltas durante un ano e as presentadas durante ese mesmo ano. De resolverse todas, a taxa sería do 100%. Un resultado superior ao 100% indica que se resolven máis das que ingresaron no ano.

A taxa de resolución no ano 2021 foi do 107,60 % (85 resoltas anuais fronte a 79 ingresadas anuais), indicando claramente que no exercicio 2021 resolvéronse máis expedientes dos que se presentaron.

Séguese a resolver máis expedientes dos que se presentan, ao igual que no exercicio 2020 no que a taxa de resolución fora do 287,50 %. Sen embargo non se chegan as cifras tan elevadas daquel exercicio por canto os expedientes pendentes de resolver de exercicios anteriores foron significativamente menores que no exercicio 2020. Daquela comezouse o exercicio 2020 con 95 expedientes pendentes de exercicios anteriores, mentres que o exercicio 2021 comezouse soamente con 36 expedientes pendentes de exercicios anteriores.

Tamén hai que salientar que trala modificación do regulamento orgánico do Tribunal Económico-Administrativo -á que se fai referencia no punto 2.3 anterior- os expedientes que se tramitan polo Pleno do Tribunal son os de contía superior a 6.000 euros, mentres que antes eran os que superaban os 18.000 euros. Isto provoca que o número de expediente tramitados en Pleno sexa maior que no exercicio anterior. Existe unha limitación no número de expedientes que se poden resolver nun mes polos membros do tribunal (5 ao mes por cada membro), polo que un expediente tramitado polo Pleno computa como 1 expediente na conta de cada un dos membros, o que afecta á baixa ao número de expedientes que se poden resolver no mes, diminuíndo o valor desta taxa de resolución.

Como dato comparativo, o Tribunal Económico-Administrativo de Bilbao remitíunos recentemente os datos do seu “Análisis de litigiosidad de los Tribunales Económico-Administrativos Municipales 2019-2020”, no que a media da taxa de resolución dos Tribunais Economico-Administrativos que colaboraron no estudo (entre os que nos atopamos nosoutros) é do 88,52 no 2019 e de 120,55 no ano 2020.

Taxa de pendencia

A taxa de pendencia mide os anos necesarios para resolver os expedientes pendentes ao final do ano, mantendo os medios e o rendemento do último ano.

A taxa de pendencia no ano 2021 é de 0,35 (30 pendentes a 31 de decembro fronte ás 85 resolucións anuais), isto é, pouco máis de 4 meses. No ano 2020 esta taxa de pendencia foi de 0,38 (pouco máis de 4 meses e medio), o que indica que neste exercicio de 2021 reducíuse o tempo de resolución dos expedientes.

Comparando os nosos datos cos datos obtidos do “Análisis de litigiosidad de los Tribunales Económico-Administrativos Municipales 2019-2020” elaborado polo Tribunal Económico-Administrativo de Bilbao, a media da taxa de pendencia dos

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refª: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021

Tribunais Económico-Administrativos que colaboraron nese estudo é de 0,88 (dez meses e medio) tanto no exercicio 2019 como no 2020.

Taxa de eficacia

A taxa de eficacia mide a porcentaxe das reclamacións que se resolven anualmente en relación á suma das pendentes a primeiros de ano e as presentadas no mesmo ano. O máximo de eficacia equivalería ao 100%, dado que nese caso se terían resolto todas as pendentes máis as ingresadas.

No ano 2021 a taxa de eficacia do Tribunal foi do 73,91 % (85 resoltas fronte aos 115 expedientes pendentes totais).

No ano 2020 a taxa de eficacia do Tribunal fora do 72,44 %, o que significa que se ten incrementado a eficacia en máis dun punto e medio.

A media desta taxa de eficacia dos tribunais Económico-Administrativos do referido “Análisis de litigiosidad de los Tribunales Económico-Administrativos Municipales 2019-2020” é de 54% no exercicio 2019 e de 58 no exercicio 2020.

Velocidade de resolución

Denominamos velocidade de resolución ao parámetro que mide o período de tempo que se necesitou para resolver a totalidade das reclamacións pendentes no ano. Cando o seu valor é igual a 1 quere dicir que se resolve no mesmo ano todas as reclamacións presentadas e pendentes.

A velocidade de resolución do Tribunal de Lugo no ano 2021 é de 1,35 (115 expedientes pendentes fronte ás 85 resolucións ditadas). A velocidade de resolución do Tribunal de Lugo no ano anterior foi de 1,38 (127 expedientes pendentes fronte ás 92 resolucións ditadas), o que indica que se están a rebaixar os prazos de resolución dos expedientes.

No “Análisis de litigiosidad de los Tribunales Económico-Administrativos Municipales 2019-2020”, a media de velocidade de resolución é do 1,88.

4.- RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

No ano 2021 interpuxéronse os seguintes **recursos contenciosos administrativos**, algún dos cales que foron resoltos polas sentenzas/autos e co sentido que se indica:

Recurso	Asunto	Sentenza	Contido
Recurso PO 100/2019	Plusvalía	Sentenza 202/2020 do Xulgado contencioso num. 1 de 30.12.2020	ESTIMA O xulgado ten en conta os informes periciais de parte e de EVISLUSA e entende que <u>non existe</u> <u>incremento</u> ao referirse a un período afectado por un boom inmobiliario seguido dunha crise económica.
Recurso PO 406/2019	Plusvalía	Sentenza 232/2020 do Xulgado contencioso num. 2	ESTIMA PARCIALMENTE Deixa sen efecto varias liquidacións IIVTNU
Recurso Apelación 15005/2021		Sentenza 301/2021 do TSX Galicia de 07.07.2021 desestimatoria	DESESTIMA recurso apelación
Recurso PA 149/2020	Plusvalía	Sentenza 38/2021 do Xulgado contencioso num. 1 de 05.03.2021	ESTIMA <i>O xulgado entende que ,aínda sendo irreais os prezos das escrituras ,non existe incremento en consideración á crise inmobiliaria e a falta de convicción do informe de Evislusa.</i>

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refº: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021

Recurso PA 32/2021	IAE	Sentenza 60/2021 do Xulgado contencioso num. 2 de 12.03.2021	ESTIMA <i>Procede a devolución de ingresos indebidos dos recibos do IAE. O acto ditado pola AEAT é firme e non se pode trasladar ao administrado un conflito competencial.</i>
Recurso PA 284/2020	Plusvalía	Sentenza 86/2021 do Xulgado contencioso num. 2 de 05.04.2021	ESTIMA <i>Non existe proba de incremento patrimonial (escritura de compravenda de 2006 e transmisión en 2017). O xulgado considera que non hai simulación en escrituras. Ademais achega valoración de ATRIGA</i>
Recurso PA 97/2021	Plusvalía	Sentenza 233/2021 do Xulgado contencioso num. 2 de 27.09.2021	DESESTIMA O xulgado concede máis valor ao informe de Evislusa que ao manifestado nas escrituras; polo que entende que sí existe incremento de valor.
Recurso PO 113/2021	Plusvalia	Xulgado contencioso num. 1	PENDENTE
Recurso PO 184/2021	Compensación débedas	Xulgado contencioso num. 2	PENDENTE
Recurso PO 217/2021	Taxa por aproveitamentos especiais vía pública	Xulgado contencioso núm.1	PENDENTE
Recurso PO 218/2021	Taxa por aproveitamentos especiais vía pública	Xulgado contencioso num.1	PENDENTE

Recurso PO 225/2021	Derivación responsabilidade subsidiaria afección bens.	Auto Xulgado contencioso num. 1	CADUCIDADE * En xaneiro 2022 remítese auto polo que se declara a CADUCIDADE DEFINITIVA do recurso contencioso.
Recurso PO 256/2021	Compensación débedas	Xulgado contencioso núm. 2	PENDENTE
Recurso PA 282/2021	Plusvalía	Auto 104/2021 Xulgado contencioso num. 2 de 18.11.2021 de arquivo.	RECOÑECEM EXTRAJUDICIAL Recurso contra desestimación presunta de recurso de anulación. Resolución expresa posterior do TEA estimatoria.
Recurso PA 323/2021	Plusvalía	Xulgado contencioso num. 1	PENDENTE
Recurso PA 354/2021	Constrinximento en expediente de Inspección de Tributos	Xulgado contencioso num. 2	PENDENTE

5.- TEMÁTICAS MÁIS RELEVANTES

Neste ano 2021, igual que no ano 2020, mantivo especial protagonismo, nas resolucións do Tribunal, o **Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana** - cabe destacar o elevado número de reclamacións resoltas en expediente de IIVTNU (un total de 34 expedientes que representan o 40% das reclamacións resoltas polo Tribunal en 2021) - motivado pola situación de incerteza e litixiosidade provocada a partir da Sentenza do Tribunal Constitucional nº 59/2017 de 11 de maio sobre a constitucionalidade dos artigos 107.1, 107.2 a) e 110.4 do texto refundido da Lei das Facendas Locais e a doutrina establecida pola Sentenza de Tribunal Supremo de 9 de xullo de 2018 e outras que lle seguiron no tempo.

En concreto trátase dun tributo que, ata a Sentenza do Tribunal Constitucional de 26 de outubro de 2021 - que cerra o círculo dos pronunciamentos sobre a materia declarando a inconstitucionalidade nulidade dos artigos 107.1 segundo parágrafo,

TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO

Refª: ispac6388365671608909865.doc

Asunto: MEMORIA 2021

107.2 a) e 107.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - foise configurando en sucesivas sentenzas do TS que foron permitindo, de forma progresiva, establecer criterios de resolución.

Con anterioridade a esta sentenza do Tribunal Constitucional, que é de outubro, este tribunal económico-administrativo tivo que resolver conforme a vixencia da cuestión de constitucionalidade de cada momento, xa que esta cuestión e a súa interpretación por parte do Tribunal Supremo, en particular a STS de 9 de xullo de 2018 e outras que lle seguiron no tempo, foi evolucionando a longo de tempo e, á vez, este tribunal foi adaptando ás súas resolucións.

Así como xa queda dito, a Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2017, do 11 de maio, relativa ao IIVTNU declarou inconstitucionais e nulos os artigos 107.1, 107.2.a) e 110.4 do TRLHL, pero unicamente na medida en que someten a tributación situacións de inexistencia de incrementos de valor.

Posteriormente, a STC 126/2019, do 31 de outubro, declarou tamén inconstitucional o artigo 107.4 do TRLHL, respecto dos casos nos que a cota a satisfacer sexa superior ao incremento patrimonial realmente obtido polo contribuínte.

Finalmente, a STC 182/2021, do 26 de outubro, declarou a inconstitucionalidade e nulidade dos artigos 107.1, segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do TRLHL. No seu fundamento xurídico 5 sinala que *“el mantenimiento del actual sistema objetivo y obligatorio de determinación de la base imponible, por ser ajeno a la realidad del mercado inmobiliario y de la crisis económica, y, por lo tanto, al margen de la capacidad económica gravada por el impuesto y demostrada por el contribuyente, vulnera el principio de capacidad económica como criterio de imposición (artículo 31.1 CE)”*.

E, no seu fundamento xurídico 6 dispón:

“6. Alcance y efectos de la declaración de inconstitucionalidad y nulidad. Sobre la presente declaración de inconstitucionalidad y nulidad de los arts. 107.1, segundo párrafo, 107.2.a) y 107.4 TRLHL cabe realizar las siguientes precisiones:

A) Por un lado, la declaración de inconstitucionalidad y nulidad de los arts. 107.1, segundo párrafo, 107.2.a) y 107.4 TRLHL supone su expulsión del ordenamiento jurídico, dejando un vacío normativo sobre la determinación de la base imponible que impide la liquidación, comprobación, recaudación y revisión de este tributo local y, por tanto, su exigibilidad. Debe ser ahora el legislador (y no este Tribunal) el que, en el ejercicio de su libertad de configuración normativa, lleve a cabo las modificaciones o adaptaciones pertinentes en el régimen legal del impuesto para adecuarlo a las exigencias del art. 31.1 CE puestas de manifiesto en todos los pronunciamientos constitucionales sobre los preceptos legales ahora anulados, dado que a fecha de hoy han transcurrido más

de cuatro años desde la publicación de la STC 59/2017 (“BOE” núm. 142, de 15 de junio). Como ya se recordó en la STC 126/2019, al tratarse de un impuesto local, corresponde al legislador estatal integrar el principio de reserva de ley en materia tributaria (arts. 31.3 y 133.1 y 2 CE) como medio de preservar tanto la unidad del ordenamiento como una básica igualdad de posición de los contribuyentes en todo el territorio nacional [STC 233/1999, de 16 de diciembre, FJ 10 c)] y el principio de autonomía local (arts. 137 y 140 CE), garantizando con ello adicionalmente la suficiencia financiera de las entidades locales exigida por el art. 142 CE.

B) Por otro lado, no pueden considerarse situaciones susceptibles de ser revisadas con fundamento en la presente sentencia aquellas obligaciones tributarias devengadas por este impuesto que, a la fecha de dictarse la misma, hayan sido decididas definitivamente mediante sentencia con fuerza de cosa juzgada o mediante resolución administrativa firme. A estos exclusivos efectos, tendrán también la consideración de situaciones consolidadas (i) las liquidaciones provisionales o definitivas que no hayan sido impugnadas a la fecha de dictarse esta sentencia y (ii) las autoliquidaciones cuya rectificación no haya sido solicitada ex art. 120.3 LGT a dicha fecha.”

A continuación da Sentenza de 26 de outubro o Consello de Ministros aprobou o **Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional** ao respecto do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, que foi convalidado o 2 de decembro de 2021 polo Congreso dos Deputados, establecendo a nova regulación do tributo.

A reforma da normativa reguladora do IIVTNU que se contén neste RD-Lei non supón a creación ex novo do tributo, senón que se trata dunha reforma parcial que introduce un novo suposto de non suxeición e modifica o método de determinación da base imponible, coa finalidade de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido nas súas Sentenzas 59/2017, 126/2019 e 182/2021.

No caso deste tributo, e antes da Sentenza de 26 de outubro, o tipo de reclamación evolucionou cara a cuestión da determinación das probas que son válidas para acreditar a existencia dun decremento de valor dos terreos obxecto de tributación.

Precisamente, as desestimacións das reclamacións son xeralmente por non ter acreditado por parte do recorrente a minoración do valor dos terreos ou ben por solicitar devolución de ingreso indebido sen ter recorrido previamente en vía de recurso o acto de liquidación, polo que ao ser un acto firme non procede a devolución. Pola contra, as estimacións se producen en caso de ter acreditado, xeralmente á vista dos informes de EVISLUSA, a existencia de minoración de valor no momento do devengo.

Por outra banda, a necesidade de probar ante a unidade xestora (Facenda Local) a existencia de minusvalía e contradicir, no seu caso, a dita proba, esixe a emisión de informes de taxación pericial - con recoñecemento persoal e directo do ben - , concesión de trámite de audiencia e unha especial motivación, especialmente para destruír o valor das probas presentadas polos interesados no caso de escrituras públicas, xa que o Tribunal Supremo ten declarado que o valor consignado nelas constitúen un sólido e ordinario principio de proba.

As anteditas Sentenzas do Tribunal Supremo de 2018, así como as sentenzas ditadas polo Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, estimatorias maioritariamente dos recursos contenciosos interpostos contra as resolucións deste Tribunal, obrigaron a unha reflexión máis profunda sobre a forma de acreditación da existencia ou non de incremento de valor; polo que **este Tribunal emitiu informe de 24 de febreiro de 2021 que aborda a cuestión da validez da proba presentada polos interesados en canto ao posible decremento dos terreos e os requisitos de validez dos informes da entidade EVISLUSA, concluíndo a necesidade reforzar a proba practicada polo Concello de Lugo** aos efectos de que poder aceptar ou, no seu caso, contradicir a proba presentada polo interesado aos efectos de liquidación do IIVNTU, para o cal se recomendaba a adopción das seguintes medidas:

1º.- Que nos casos en que o período de xeración do incremento de valor dos terreos aconteza durante o período de crecemento económico e posterior crise ou á inversa, os informes periciais de EVISLUSA deberían pronunciarse expresamente sobre se esta circunstancia ten afectado ou non ao inmovible obxecto de valoración.

2º.- Os informes periciais de EVILUSA deben, non só realizar unha valoración real, de mercado do solo, senón que deben analizar a evolución- negativa ou positiva deste valores no período temporal no que se materializa o incremento/decremento.

3º.- Os informes periciais realizarán unha valoración individualizada previo recoñecemento persoal e directo do inmovible; adoptándose as medidas oportunas para garantir a visita do inmovible. Na utilización de "testigos" debe motivarse a súa idoneidade e semellanza co inmovible obxecto de valoración que permita realizar un xuízo de comparabilidade; debendo procurar que correspondan a operacións reais con prezos certos e non con ofertas inmobiliarias

4º.- No caso de acreditación da minoración con autoliquidacións comprobadas por perito de ATRIGA no Imposto sobre Sucesións e Doazóns e no Imposto sobre Transmisión Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, o informe pericial de EVISLUSA - en caso de discrepar coa dita comprobación e valoración - debe explicar o motivo da discrepancia e emitir un xuízo sobre o erro padecido ou aplicación inadecuada de factores esenciais para a determinación do valor seguidos pola ATRIGA; en definitiva, debe probarse o desacerto da dita autoliquidación.

5º.- Do mesmo xeito, e sendo as escrituras un principio de proba sólida e ordinario (en palabras do Tribunal Supremo), os informes deben expresar motivadamente as razóns

polas que consideran que os valores reflectidos nelas non se corresponden cos valores reais. “

Un **especial protagonismo, polo número de reclamacións presentadas, corresponde ao ámbito da recadación, en particular ao procedemento de prema e derivación de responsabilidade.** O Tribunal considera que este número de reclamacións en relación con outros ámbitos é normal, xa que se trata de actuacións executivas que pola propia natureza das mesmas producen unha especial oposición dos reclamantes.

De especial interese para este tribunal é a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Segunda, de 28 de maio de 2020, recurso 5751/2017.

A Sentenza ven a incidir no **principio de boa administración** e considera que a práctica de moitas Administracións de non resolver os recursos de reposición amparados no sentido negativo do silencio administrativo vulnera, entre outros, o deber de resolver que resulta esixible a toda Administración, polo que no procede iniciar a vía de prema amparándose na executividade do acto administrativo, posto que a resolución do recurso de reposición interposto contra o acto de liquidación podería ser estimatoria.

A interpretación que propugna o Tribunal Supremo é a seguinte:

“1) La Administración, cuando pende ante ella un recurso o impugnación administrativa, potestativo u obligatorio, no puede dictar providencia de apremio sin resolver antes ese recurso de forma expresa, como es su deber, pues el silencio administrativo no es sino una mera ficción de acto a efectos de abrir frente a esa omisión las vías impugnatorias pertinentes en cada caso.

2) Además, no puede descartarse a priori la posibilidad de que, examinado tal recurso, que conlleva per se una pretensión de anulación del acto, fuera atendible lo que él se pide. De esa suerte, la Administración no puede ser premiada o favorecida cuando no contesta tempestivamente las reclamaciones o recursos, toda vez que la ejecutividad no es un valor absoluto, y uno de sus elementos de relativización es la existencia de acciones impugnatorias de las que la Administración no puede desentenderse.

Es cierto que el recurrente no promovió, como le era posible, la suspensión del acto recurrido en reposición, pero tal circunstancia sólo habría hecho más clara y evidente la necesidad de confirmar la sentencia, pues al incumplimiento del deber de resolver sobre el fondo -la licitud de la liquidación

luego apremiada-, sobre el que nos hemos pronunciado, se solaparía además, haciendo la conducta aún más grave, el de soslayar el más acuciante pronunciamiento pendiente, el de índole cautelar.”

Este Tribunal Económico-Administrativo recolle este principio de forma ampla nas súas resolucións xa que non só atinxe a supostos nos que a Administración non resolve en prazo un recurso de reposición e posteriormente dita unha providencia de prema, senón que tamén é aplicable a outros supostos como aqueles que está pendente a resolución do recurso de reposición pero en prazo para resolver, ou naqueles casos que se dita unha dilixencia de embargo sen que fora contestado un recurso en contra da providencia de prema.

O propia Tribunal Supremo en distintas sentenzas acude a este principio de boa administración, así a **Sentencia de 15 de outubro de 2020**, rec. 1652/2019 e incluso o TEAC en Resolución, nº 00/04757/2018/00/00 de **16 de marzo de 2021** cando apelan a este principio para concluír sobre “la imposibilidad de dictar providencia de apremio sin analizar y dar respuesta motivada a la solicitud de fraccionamiento presentada por el obligado al pago en periodo ejecutivo”.

En definitiva a doutrina do silencio administrativo só pode beneficiar ao recorrente non á Administración que debe resolver en prazo.

Cabe salientar que este ano 2021, a diferencia do ano 2020, non se presentou reclamación algunha en materia de sancións tributarias.

6.- OTRAS ACTIVIDADES

- Este Tribunal emitiu sendos informes, de data 24 de febreiro e de 26 de novembro de 2021 en relación co IIVTNU, en particular en relación á práctica da proba para acreditar o incremento de valor dos terreos así como á situación do dito imposto a raíz da STC de 26 de outubro de 2021.

En febreiro de 2021 os membros do Tribunal celebraron reunión con responsables do Servizo de Facenda, a entidade EVISLUSA e concelleiros competentes. O

motivo desta reunión foi o de informar aos asistentes do criterio do Tribunal acerca da problemática situación do IIVTNU no tocante á validez da proba para acreditar o incremento de valor. Esta reunión deu lugar á emisión do informe de 24 de febreiro de 2021 referido no apartado anterior.

Así mesmo a Sentenza 182/2021 do Tribunal Constitucional de 26 de outubro de 2021 deu lugar á petición por parte da Tenente de Alcalde Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos a este Tribunal da emisión de informe sobre a procedencia de xirar liquidacións en concepto de IIVTNU sobre feitos impoñibles anteriores á data 26/10/2021 -data da sentenza do TC - e, entre esa data e o 10/11/2021, data de entrada en vigor do RDLei, en relación con varias situacións. Este informe emítese o 26 de novembro de 2021.

Cómpre sinalar que esta Sentenza afectará ao sentido das sentenzas que actualmente están pendentes de ditado por parte dos xulgados contenciosos-administrativo de Lugo.

- Ademais de resolver as reclamacións presentadas o Tribunal celebra **reunións mensuais** agás o mes de agosto conforme o artigo 8 do seu Regulamento.

Tendo en conta que a meirande parte das reclamacións se tramitan e resolven por órgano unipersoal, estas xuntanzas teñen resultado esenciais para unificar criterios interpretativos, reparto de traballo, resolución de incidencias, dación de conta das reclamacións presentadas e resoltas, así como de recursos contenciosos presentados e resolto polos órganos xurisdiccionais.

7.- MEDIDAS PARA A MELLORA DO FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL

A continuación indícanse unha serie de medidas orientadas á mellora do funcionamento de Tribunal, a reducir a carga de traballo e a reducir os tempos de resolución das reclamacións presentadas, o que permitirá resolver as reclamacións nos prazos establecidos na Lei.

Previamente, cómpre sinalar que no ano 2020 propoñíase, dentro destas medidas, a incorporación efectiva ao Tribunal da administración electrónica e un administrativo. Dende abril de 2021 as reclamacións remítense dende o Rexistro de Entrada directamente a este Tribunal a través de TECOL (anteriormente se remitían a cada servizo) e o membro do Tribunal á que lle corresponde a súa

resolución solicita á unidade xestora a remisión do expediente completo por TECOL; deste modo o procedemento completo se tramita íntegramente por Tecol.

Certamente esta nova tramitación electrónica é moito máis eficaz e rápida dende o momento que a reclamación se remite directamente ao Tribunal que solicita inmediatamente a remisión do expediente aos efectos de resolver nos prazos legalmente establecidos; se ben - e como logo se comentará- esto non implica necesariamente a rápida resolución xa que existen en ocasións demoras excesivas na remisión dos expedientes.

Hai que salientar que a Secretaría deste Tribunal asume un traballo a maiores do estudo e resolución das reclamacións sen retribución algunha: organización do traballo do Tribunal, elaboración das actas mensuais, tramitación das asistencias, preparación, escaneado, foliado e índice dos expedientes en caso de interposición de recursos contenciosos (neste momento aínda non está funcionando no Tribunal o expediente electrónico). Polo tanto, sería conveniente a incorporación dalgun tipo de apoio administrativo á organización do Tribunal.

Reiterase a necesidade de eliminar o número máximo de resolucións que se permiten resolver ao longo de cada mes, xa que supón unha barreira ou impedimento que non se xustifica para reducir a antigüidade das resolucións, e eliminar a imposibilidade de que nun único día o Tribunal en pleno se reúna para resolver varias reclamacións presentadas.

As reclamacións que se tramitan por procedemento ordinario e se resollen por Pleno esixen unha análise conxunta por parte dos tres membros do tribunal que implica comunicacións e reunións previas que, na actualidade, pola implantación xeralizada de medios telemáticos e sobre todo a raíz do COVID, se realizan por correo electrónico e por videoconferencia a través da plataforma ZOOM ou whatsapp, co obxectivo de ter unha postura común, dando lugar posteriormente á redacción do texto da ponencia definitiva polo membro do Tribunal á quen se lle asigna a reclamación e, finalmente, á celebración da xuntanza do Tribunal para resolver e levantar acta; carecendo de sentido que se imposibilite que nun mesmo día se celebre xuntanza para resolver varios asuntos.

8.- SUXESTIÓNS PARA OS ÓRGANOS DE XESTIÓN

Neste apartado realizase unha serie de propostas para a mellora dos expedientes administrativos, das actuacións nos procedementos, e a redución da litixiosidade.

Se ben é certo que se mellorou a remisión dos expedientes por parte das unidades xestoras, en ocasións, falta documentación puntual ou vén desordenada, o que obriga, no suposto de que sexa detectado este defecto, a facer requirimentos ao servizo correspondente, para que completen o expediente ou aporte o documento esencial, o que implica unha demora da resolución. No caso de non ser detectado o defecto de documentación pode levar a que o Tribunal adopte resolucións incorrectas pola falta da información necesaria. Prégase, polo tanto, a remisión ordenada e completa dos expedientes.

Detéctase, nalgúns casos, que existiu demora na remisión de escritos, documentos e recursos dende o Rexistro de Entrada ás unidades xestoras. Nalgúns expedientes non figuran documentos que os recorrentes achegan xunto coas súas reclamacións. Sería aconsellable que cando se conceda un trámite de audiencia ou exista a posibilidade de presentación de recursos de reposición, a unidade xestora comprobe se efectivamente existe algún tipo de escrito presentado no Rexistro do Concello para poder pronunciarse sobre o manifestado neles; caso contrario prodúcese indefensión e pode conducir á estimación da reclamación con retroacción do expediente.

Finalmente é importante recordar a necesidade da remisión do expediente completo á maior brevidade coa finalidade de resolver as reclamacións en prazo.

Tal e como se comentou anteriormente, a xurisprudencia e doutrina insisten na importancia da **aplicación do principio de boa administración**, que implica que se debe ter especial coidado e dilixencia na tramitación dos expedientes con pronunciamento expreso e motivado sobre todas as cuestións alegadas, así como a importancia de resolver expresamente os recursos e solicitudes evitando a produción de silencio administrativo. Como exemplo está a Sentenza 1853/2019 de 18 de decembro de 2019 do Tribunal Supremo que sinala “**el principio de buena administración que no se detiene en la mera observancia estricta de procedimiento y trámites, sino que más allá, reclama la plena efectividad de garantías y derechos reconocidos legal y constitucionalmente al contribuyente. Del derecho a una buena Administración pública derivan una serie de derechos de los ciudadanos con plasmación efectiva, no es una mera fórmula vacía de contenido, sino que se impone a las Administraciones públicas de suerte que a dichos derechos sigue un correlativo elenco de deberes a estas exigibles, entre los que se encuentran, desde luego, el derecho a la tutela administrativa efectiva**”

9.- CONCLUSIONES

1.- A evolución da xestión ao longo do 2021 foi moi favorable (véase as porcentaxes e taxas de resolución, pendencia e eficacia indicadas nesta Memoria)

2.- O obxectivo para o ano 2022, tendo en conta os datos estatísticos, é o de que as resolucións se produzan nos prazos establecidos pola Lei; a meirande parte das reclamacións son inferiores a 6.000 euros polo que se tramita por procedemento abreviado debendo resolverse a reclamación no prazo de seis meses; en caso de procedemento ordinario é de un ano.

3.- Resulta necesario seguir mellorando as actuacións xurídico-tributarias do Concello, conforme o indicado nesta memoria e nas resolucións deste Tribunal, cuxa toma en consideración, polos distintos departamentos, pode mellorar a prestación dos servizos tributarios, incrementar as garantías de efectividade dos dereitos dos cidadáns ao ter que deixar de acudir á xurisdicción contencioso-administrativa, para resolver os conflitos coa Administración en materia tributaria, sendo este un órgano gratuíto ante o que poder actuar fronte unha actuación irregular da mesma, diminuíndo a conflictividade nas materias competencia do Tribunal.

4.- A necesaria aplicación do principio de boa administración debe servir de reflexión para que por parte dos órganos de goberno se adopten as medidas oportunas de reforzo das unidades xestoras ou as que estimen máis convenientes.

5.- Resulta necesario seguir mantendo necesaria coordinación cos órganos de xestión tributaria que se considera fundamental en aquelas cuestións especialmente controvertidas e relevantes dende o punto de vista cuantitativo e cualitativo para a Facenda Municipal.

Lugo, sinatura dixital á marxe

O presidente

A secretaria

O vogal

Emilio Justo Fernández Pita

Ana Tabarés Martínez

Pedro Fernández Agustí